

LUGO
o primeiro

Elena
Candia

**PROGRAMA
ELECTORAL
LUGO
2023
...**



LUGO

Elena Candia



LUGO PARA AS PERSOAS 05.

- CONCILIACIÓN 06.
- BENESTAR 10.
- VALOR SÉNIOR 14.

LUGO MÁIS SEGURO 19.

- TRÁFICO 20.
- SEGURIDADE 24.

LUGO MOTOR DA PROVINCIA 29.

- CIDADE CREATIVA 30.
- UN RURAL MODERNO 34.
- IMPULSO DO TECIDO EMPRESARIAL E EMPREGO 38.
- INFRAESTRUTURAS 42.
- UN CONCELLO CERCANO 46.
- URBANISMO E VIVENDA 50.
- UNIVERSIDADE 54.
- DEPORTES 58.

EQUIPO CANDIA 62.

Prezado veciño, prezada veciña.

Este documento é o **froito de todas as xuntanzas** de barrio ou sectoriais nas que persoas coma ti nos fixeron chegar as súas propostas para mellorar Lugo. Xuntos e xuntas fomos construíndo un camiño que este 28 de maio afrontará a súa etapa decisiva.

Conseguir o cambio que merecemos só depende de ti e do teu voto ese día. Valoro moito cada apoio, e precisamente por iso sei ben que non se trata nin moito menos de **ningún cheque en branco**. Por esta razón quero que te sumes ao cambio coa **certeza** e a **seguridade** do que podes agardar do equipo que teño a honra de encabezar.

Creo na **xente de palabra** e na **honestidade** como un dos valores máis necesarios na política actual. Por iso me gustaría que coñeceras de primeira man o noso proxecto de municipio e as **140 medidas** máis importantes que temos previsto aplicar entre 2023 e 2027 se conseguimos a **maioría suficiente** para poder facelo.

Quero **un Lugo con selo propio**, que preserve a **identidade** de cada un dos seus barrios e parroquias, xa que todos eles teñen algo que os fai únicos e especiais. Esa **autenticidade** é algo que debemos preservar dende o Concello, dado que forma parte dese patrimonio material e inmaterial que tanto precisamos protexer.

En definitiva, este programa é o resultado dun **proceso de escoita activo** que iniciamos hai meses e que me comprometo contigo a manter no tempo. De feito, cando presentamos '**Lugo o primeiro**' como espírito de traballo xa dixeran que esa era unha folla de ruta para estes meses de campaña, pero sobre todo unha filosofía de goberno, da que este documento é o meu primeiro contrato contigo.

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Hugo', is written over a horizontal line.

...

LUGO

PARA

AS

PERSOAS

... CÓNCILIACIÓN



Elena Candia, no Conservatorio de Lugo

A mellor resposta que lle podemos dar dende o Concello de Lugo ao reto demográfico é, sen dúbida, fomentar unha **maior calidade de vida para quen deciden ter fillos e fillas**. Para acadalo cómpre deseñar solucións específicas que sirvan tanto para **atender as necesidades de nais e pais** coma para promover unha **infancia e unha mocidade activa e sa** con programas innovadores.

CONCILIACIÓN

Crearemos **bonos para menores deportistas e alumnado de estudos musicais e de danza que beneficiarán a todas as familias luguesas e ao comercio local**. Así, ademais dunha liña de axudas directas á natalidade, o Concello outorgará bonos de 200 euros para a compra de equipamento por parte de deportistas de entre 6 e 18 anos que practiquen unha disciplina federada e outros dese mesmo importe para a adquisición de instrumentos e a cobertura das necesidades do alumnado de ensinanza musicais e de danza. Así mesmo, reforzaremos as axudas a familias monoparentais e numerosas.



Ampliaremos o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) coa creación de **'Alumiñar'**, unha nova liña específica para a **atención e coidado aos menores** no seu propio domicilio, con especial atención ás **familias monoparentais**.



Crearemos unha **Concellería da Infancia e Xuventude** coa que promoveremos a elaboración dun **plan integral** a nivel municipal para este colectivo cun orzamento propio.



Dotaremos de máis **escolas infantís, ludotecas e ociotecas** aos polígonos industriais e aos barrios.



Incrementaremos a partida de axudas municipais destinada á **compra de libros de texto e material escolar**, ao tempo que simplificaremos a burocracia e axilizaremos os pagos ás persoas beneficiarias.



Impulsaremos **campañas divulgativas** en materia de **corresponsabilidade** co foco posto tanto nas persoas luguesas como nas empresas, que teñen un papel primordial.



Crearemos **novas bibliotecas municipais** e ampliaremos o **horario de funcionamento actual**. Ademais, implantaremos un servizo de biblioteca viaxeira en barrios e parroquias para fomentar a lectura e crear espazos de participación e socialización.



Promoveremos unha **maior protección ás vítimas da violencia de xénero** coa mellora da xestión dos **pisos de acollida** municipais e da **Casa da Muller** grazas a unha maior cobertura presencial e telefónica, coa implantación dun **sistema de atención 24 horas** con atención especializada.



Xestionaremos a adhesión do Concello ao **sistema VioGen** (Sistema de Seguimento Integral dos casos de Violencia de Xénero), así como á **Rede de Municipios Galegos** contra esta lacra.

CONCILIACIÓN



BENESTAR



Elena Candia, cun residente do barrio de Montirón

Melloraremos a atención ás persoas coidadoras e usuarias reforzando os servizos públicos municipais e respaldando proxectos liderados por entidades sociais. É de xustiza que o Concello impulse medidas que fomenten a inclusión, o recoñecemento da diversidade, a atención á dependencia e, por suposto, que amose unha actitude de plena colaboración co tecido asociativo do eido social.

● ● ● BENESTAR

A acción decidida das distintas entidades sociais permitiu que a sociedade luguesa fose avanzando en novos servizos. Por iso, o Concello debe manter un diálogo constante con elas que se traduza en medidas como a creación dun **centro de respiro en Calde** para darlles apoio aos e ás familiares de **persoas con alzhéimer**, no marco dun plan para promover usos sociais en edificios infrautilizados ou baleiros, como é o caso dos espazos libres do antigo hospital de Calde, onde crearemos este servizo para persoas con esta doenza.



Impulsaremos un **Plan Local de Saúde Mental** con actuacións como a creación dunha rede de **vivendas tuteladas**, con unidades de prevención do **acoso escolar**, do **suicidio** e tamén dos **trastornos alimenticios** na xente moza para converternos nun Concello punteiro na atención ás necesidades das persoas. Ademais, traballaremos en rede con **centros educativos e entidades sociais** para dar maiores e mellores coberturas.



Implicarémonos na **ampliación e mellora** dos recursos da man de entidades sociais, blindando para **usos vencellados á saúde mental** o antigo edificio de **Aspnais**, na Rampla de Claudio López, hoxe sen uso.



Actualizaremos o importe das subvencións municipais nominativas que perciben as entidades sociais e **axilizaremos a tramitación** dos seus convenios, garantindo sempre a transparencia.



Promoveremos **rebaixas fiscais** para as entidades con proxectos de carácter social, que teñen unha gran profesionalidade e que atesouran unha traxectoria admirable, polo que deben ser parte do futuro da cidade accesible e inclusiva á que aspiramos.



Favoreceremos a **contratación das persoas con discapacidade** nas empresas que traballan para o Concello.

Deseñaremos un **selo de responsabilidade social** para iniciativas locais que promovan a inclusión profesional de persoas con discapacidade e, así, melloraremos a inserción deste colectivo no mercado de traballo.



Crearemos, co apoio da Xunta de Galicia, **unidades municipais de atención temperá e post temperá**.

Impulsaremos unha **bolsa de voluntariado** que traballe en rede coas persoas usuarias das entidades sociais.



Axilizaremos a concesión de **tarxetas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida**.

Poñeremos en marcha **cambiadores inclusivos**, que, cun concepto equiparable ao dos cambiadores de bebés, serán útiles ás persoas maiores ou con discapacidade e tamén a quen as coidan.



Impulsaremos un **plan de apoio á diversidade** que contribúa a darlles visibilidade a novas realidades sociais ao tempo que se combaten estereotipos vencellados ao **colectivo LGTBI**.

Deseñaremos campañas de sensibilización cidadá para concienciar sobre a **tenza responsable de mascotas**, de xeito que colaborem na redución do seu abandono. Nesta estratexia de protección do **benestar animal**, exploraremos a mellor alternativa para corrixir as condicións de colapso nas que se atopan os animais da **Protectora** e tamén incrementaremos a achega económica dos convenios coas entidades que traballan no eido da protección animal.



... VALOR SÉNIOR



Elena Candia, na súa visita á residencia da Milagrosa

As nosas persoas maiores son un colectivo estratéxico que merece **máis protagonismo e participación** en toda a vida municipal. Por iso, cómpre darlle maior visibilidade ao **talento sénior** e apoderar á xente maior para que poida elixir onde desexa pasar a súa xubilación co maior grao de **autonomía** posible.

● ● ● VALOR SÉNIOR

Impulsaremos novas solucións habitacionais no casco histórico como o **'cohousing'** para que as persoas maiores vivan **cómodas** e con **servizos de calidade** á vez que contribúen á revitalización do centro histórico.

Deste xeito, o Concello complementará o labor que está a desenvolver a Xunta de Galicia na mellora das **residencias da terceira idade**, coa mobilización de 8 millóns de euros entre a das Gándaras e a da Milagrosa, aos que se suman os 12 millóns de euros que inviste a Fundación Amancio Ortega no barrio da Residencia para ofertar outras 120 prazas.



Crearemos unha **Concellería de Maiores** para fomentar a implicación deste colectivo dun xeito transversal en todas as áreas municipais, recoñecendo así o seu papel clave na consecución do Estado do Benestar do que gozamos actualmente.



Eliminaremos a **lista de agarda no Servizo de Axuda no Fogar (SAF)** e ampliaremos o servizo con **máis prestacións e perfís profesionais** (podoloxía, psicoloxía, etc.) para mellorar a atención que reciben as persoas beneficiarias desta prestación, ao tempo que lles damos un respiro ás súas persoas coidadoras.



Melloraremos a **atención cidadá** co uso dunha linguaxe máis sinxela nos trámites burocráticos para facelos máis comprensibles e cun cadro de persoal municipal ben dimensionado para reforzar a atención individual nas consultas telefónicas e presenciais.



Impulsaremos programas de mellora de **competencias de alfabetización dixital**, así como de **prevención da dependencia** e de promoción social para evitar o illamento social ou a sobrecarga emocional, ao tempo que se favorece a consolidación de espazos de formación e interacción que promovan un **envellecemento activo**.



Bonificaremos ata o 100% os billetes de **transporte urbano** para as persoas xubiladas e pensionistas co obxectivo de reforzar a súa autonomía e minimizar a súa dependencia dos e das familiares.



Crearemos programas específicos para **evitar a soidade non desexada**, con especial atención á **poboación do rural**, e que servirán para o establecemento de **lazos afectivos** entre as nosas persoas maiores.



Dotaremos de máis servizos ao **barrio do Castiñeiro** para mellorar a atención que lle presta o Concello de Lugo a todos os sectores de poboación, con especial atención á xente maior e á xente nova.



Crearemos un **consello interxeracional** constituído por persoas de todas as idades para intercambiar e realizar encontros de forma periódica de xeito que as opinións das nosas persoas maiores sexan tidas en conta no deseño de Lugo.

VALOR SÉNIOR



...

LÜGO

MÁIS

SEGURO

... TRÁFICO



Elena Candia, compartindo as súas propostas de mobilidade en Conde Fontao

Deseñaremos de xeito global unha nova mobilidade que evite as actuacións a parches ou improvisadas. Así, implicaremos á veciñanza nas decisións que lle afectan directamente (trazado do carril bici, peonalizacións, etc.), en lugar de impoñerllas. A protección do peón irá acompañada de novas solucións para o aparcamento e, por suposto, dunha reordenación da mobilidade e do transporte urbano para facelo máis atractivo.



TRÁFICO

Lugo debe encamiñarse cara unha **movilidade sostible** que concilie o reforzo do **transporte público** cunha **circulación fluída** e un **estacionamento cómodo**.

Un dos piares dese novo modelo ten que ser o **redeseño do carril bici actual**, consensuando un novo trazado que permita recuperar a impresión de que os nosos barrios son cómodos para vivir e para mercar neles grazas á recuperación de boa parte das prazas de aparcamento perdidas, ao tempo que se fomenta o uso deste tipo de vehículos.



Levaremos a cabo unha **reorganización profunda das liñas de autobuses** con **máis paradas**, **máis frecuencias de paso** e **máis enlaces** para transbordos.



Crearemos unha **tarifa plana sen límite de viaxes** para os autobuses urbanos.



Estableceremos bonificacións que poderán chegar ata o 100% **nos billetes dos autobuses urbanos** para persoas menores de 18 anos, xubiladas, pensionistas e familias con escasos recursos.



Crearemos novos aparcadoiros en superficie e subterráneos en contornas coma **O Carme**, a **rúa Castelao** ou na **actual estación de autobuses**, entre outras. Paralelamente, tamén impulsaremos convenios con particulares, coma no **Carril das Estantigas**, e **solucións innovadoras**, coma un **aparcamento en altura na Ronda das Fontiñas** ou un **subterráneo en Augas Férreas**.



En determinadas zonas comerciais con problemas de estacionamento, poñeremos en marcha un **novo sistema para fomentar o aparcamento rotatorio** que será **gratuíto durante as dúas primeiras horas** e que estará controlado por unha APP ou coche lector de matrículas.



Estudaremos o **abaratamento** dos aparcamentos públicos municipais para incentivar as compras no comercio de proximidade.



Revisaremos e impulsaremos **nodos loxísticos** para facilitar o traballo de persoas autónomas e mellorar a distribución. Tamén crearemos novas **zonas de carga e descarga**, coa ampliación de horarios e a posta en marcha de solucións eficientes para a distribución, especialmente en áreas peonís, co uso de vehículos silenciosos de pequeno tamaño (carretillas ou vehículos eléctricos).



Dotarémonos de **puntos de recarga para vehículos eléctricos** ao longo do municipio (coches, patíns, bicis eléctricas, etc.).



Regularemos o **uso de vehículos de mobilidade persoal** (bicicletas, patíns...) para garantir a seguridade e comodidade das persoas usuarias e dos peóns.



Actualizaremos o **Plan de Mobilidade** existente, que non se está aplicando, abríndoo á **participación activa da sociedade luguesa** no proceso de planificación da cidade.

... SEGURIDADE



Elena Candia, nunha das súas visitas ao barrio da Milagrosa

A mellora da seguridade é un factor imprescindible para darlles máis **tranquilidade e confianza** tanto ás persoas que viven en Lugo coma ás que poñen en marcha negocios no noso municipio. Para iso é necesario aumentar o número de axentes da Policía Local e tamén dotalos de máis e mellores ferramentas para a realización do seu traballo diario.

● ● ● SEGURIDADE

Reforzaremos a **presenza policial na rúa con máis axentes**, en cumprimento das recomendacións actuais (a ratio europea aconsella que Lugo teña **180 policía locais** en lugar dos 114 actuais). Así, o cadro de persoal deste corpo incrementárase de xeito progresivo para ter 1,8 axentes por cada 1000 habitantes. Deste xeito, cómpre anticiparse a que a situación se agrave, xa que, se non se convocan novas prazas, en 2025, coas xubilacións previstas, o número de axentes será duns 100, a metade do aconsellable.



Poñeremos en servizo **dúas novas delegacións de Policía Local**, tanto no norte do municipio como na zona centro, para axilizar os tempos de resposta e mellorar a atención cidadá, recuperando a filosofía de traballo de proximidade que sempre caracterizou a este tipo de profesionais.



Instalaremos **cámaras de videovixilancia** en zonas sensibles do municipio para mellorar a seguridade e evitar atentados contra o patrimonio. Ademais, poñeremos en marcha as que hai xa no **polígono do Ceao** e estenderanse a outras zonas industriais do Concello.



Aprobaremos unha ordenanza para frear a actividade dos gorrillas, dotando á Policía Local de ferramentas legais para evitar esa extorsión no aparcamento do Hula, onde tamén se colocarán cámaras de videovixilancia.



Apoiaremos a construción dunha nova Comisaría de Policía Nacional, preferentemente na contorna do barrio da Residencia.



Crearemos unha oficina antiokupación de información e asesoramento ás persoas afectadas por esta problemática.



Deseñaremos plans específicos de intervención conxunta en zonas de lecer nocturno.



Reanudaremos as actividades de seguridade viaria para escolares **no parque infantil de tráfico López Mella** de Frigsa e, en colaboración coas autoescolas, financiaremos cursos de reciclaxe de condución para persoas adultas.

SEGU-
RIDADE



...

LUGO

MOTOR

DA

PROVINCIA



CIDADE CREATIVA



Elena Candia, no foro sobre políticas culturais celebrado na Casa do Saber

A **cultura** e o **turismo** son dous grandes activos económicos e de xeración de emprego nos que Lugo pode e debe ser punteiro, polo que traballaremos pola consolidación do municipio como **capital cultural do noroeste peninsular**, dado que temos talento e recursos de sobra.

C I D A D E

● ● ● C R E A T I V A

Promoveremos a adhesión de Lugo á **Rede de Cidades Creativas** na categoría de Artes Dixitais, o que reforzará as nosas posibilidades de conseguir financiamento doutras administracións para converter a **economía creativa** nun dos motores centrais cos que obter o máximo rendemento dos nosos recursos patrimoniais, turísticos, culturais, naturais e, por suposto, humanos. É un paso máis na **internacionalización** de Lugo para valorizar e aproveitar todas as nosas oportunidades.



Impulsaremos un **Plan de turismo desestacionalizado** que permita a captación de visitantes durante todo o ano, mellorando a **senalización** de todos os nosos activos turísticos e intensificando a **dixitalización** dos recursos.



Crearemos unha **marca turística propia** que reflicta a singularidade extraordinaria de contar con tres bens Patrimonio da Humanidade (Muralla, Catedral e Camiño Primitivo), ao tempo que traballaremos pola **proclamación do casco histórico como o cuarto Patrimonio da Humanidade** do Concello de Lugo. Nela tamén destacaremos que Lugo ten exposto o Santísimo Sacramento na Catedral ou a Ofrenda do Antigo Reino de Galicia.



Optimizaremos as infraestruturas e dotacións municipais do Concello e marcaremos unha estratexia global e de traballo en rede que nos permitirá dotar de contido específico a cada un dos edificios culturais que temos abertos. Nese plan conxunto incluiremos tamén a creación dun **Museo da Vestimenta na Tinería** e a dun **Museo da Automoción Histórica** lucense, así como a **inmediata apertura do novo auditorio de Magoi** construído pola Xunta de Galicia e que o Concello non foi quen de poñer en marcha.



Potenciaremos o **Camiño Primitivo** ao seu paso polo municipio, de xeito que aproveitaremos a oportunidade que supón que quen inicia o seu Camiño no Concello de Lugo poida completar a distancia mínima de 100 quilómetros que lle permitirá obter a '**Compostela**'.

CIDADE CREATIVA



Deseñaremos unha **programación cultural de calidade** que concilie o necesario impulso aos e ás artistas locais de distintas disciplinas con propostas internacionais que permitan **encher de vida as fins de semana** de todo o ano (especialmente os domingos) en todos os barrios e axudar así á captación de visitantes.



Reforzaremos o apoio a citas culturais xa consolidadas, coma a Semana do **Cine**, a do **Jazz** ou a da **Maxia**, así como tamén aos festivais do **Caudal Fest** ou o **Arde Lucus** (do cal propoñemos ampliar un día a súa celebración). Ademais, potenciaremos eventos específicos no eido da **danza**, das **agrupacións corais** ou da **música tradicional**.



Recuperaremos a emblemática **Banda Municipal de Música**, que hoxe só conta cunha quincena de integrantes, para volver darlle o protagonismo que merece.



Intensificaremos a colaboración coa **hostelería lucense** para reforzar a gastronomía como un dos nosos principais activos turísticos e culturais.

CIDADE CREATIVA

... UN RURAL MODERNO



Elena Candia, na súa visita a unha explotación gandeira en Lugo

UN RURAL MODERNO

Debemos impulsar un novo modelo de atención cidadá municipal do que se beneficie toda a poboación do rural no marco da nosa filosofía de achegar o Concello ás parroquias. Ademais, debemos entender a singularidade que supón que unha persoa viva soa nun dos núcleos de poboación, dándolle as ferramentas para sentirse acompañada. A meta é que todos os quilómetros de superficie do Concello sexan **unha oportunidade** e non un castigo, de xeito que resulte atractivo vivir na zona rural.

UN RURAL

MODERNO

Crearemos **puntos de información itinerantes** nas 54 parroquias para facilitar tramitacións e atender as queixas máis frecuentes do sector primario. O obxectivo é que toda a veciñanza do rural poida facer consultas in situ e ver como se atenden as súas necesidades sen ter que desprazarse ás oficinas do Concello.



Promoveremos a **dotación de abastecemento de auga potable e saneamento** en todas as parroquias, dado que é un obxectivo prioritario.



Crearemos un servizo provisional de **limpeza de fosas sépticas** mentres non se complete o saneamento.



Melloraremos a **conectividade** das parroquias para favorecer o asentamento da poboación.



Incrementaremos o orzamento para **mellorar o firme das estradas e pistas** das parroquias.



Reforzaremos o persoal municipal para a **limpeza periódica e desbroce** de vías.



Deseñaremos un **plan de prevención de incendios** coa creación de cortalumes e limpeza de pistas de terra.

UN RURAL MODERNO



Desenvolveremos un **servizo de taxi a demanda** para completar a necesaria **adaptación das liñas de transporte urbano**.

Realizaremos un programa de **posta en valor do patrimonio cultural, natural e histórico** das parroquias, con **actividades de ocio itinerantes** como cabalgatas de reis.



Axilizaremos a **concesión de licenzas** e facilitaremos o **cambio de uso de construcións rurais sen actividade** nas que impulsar proxectos empresariais.

Reforzaremos a colaboración con todos os actores do sector primario, atendendo as súas reivindicacións de **eliminación burocrática**, creando un plan piloto para reducir os danos que lles **provoca a fauna salvaxe** e apoiando as súas demandas duns **prezos xustos** co cumprimento da Lei da Cadea Alimentaria.



Apoiaremos a actividade do sector primario con estímulo económicos para **incentivar as permutas** e tamén **rebaixaremos impostos** (ICIO e IBI), ademais de mellorar a **recollida de plásticos agrícolas**.

UN RURAL MODERNO

... IMPULSO DO TECIDO EMPRESARIAL E EMPREGO



Elena Candia, cunha traballadora de Maderas Besteiro

IMPULSO DO TECIDO EMPRESARIAL E EMPREGO

Impulsaremos un Lugo economicamente máis dinámico para convertelo no motor da provincia ao crear emprego, fixar poboación e reter talento. Iso require transformar o Concello nun aliado para os promotores de calquera iniciativa empresarial, tanto das novas como das xa existentes.

IMPULSO DO TECIDO EMPRESARIAL E EMPREGO

Promoveremos a creación dun Consorcio de Dinamización do Casco Histórico de Lugo liderado polo Concello e no que participarán todas as administracións e entidades veciñais e empresariais representativas do municipio. Este órgano deseñará e coordinará accións orientadas á dinamización do casco histórico con actuacións en tres eixos: a preservación do patrimonio cultural, a dinamización da actividade económica, cunha especial sensibilidade respecto ao apoio á actividade do comercio retalista, e a recuperación desta contorna como lugar amable para vivir.



Rebaixaremos impostos como o ICIO ou o IBI na medida en que o permita a situación económica municipal, **suprimiremos a plusvalía e bonificaremos as taxas.** Ademais, tamén reduciremos o **recibo do lixo** para empresas que apenas xeran residuos, coma ximnasios ou despachos profesionais.

Crearemos un **novo equipo de persoas expertas** na área de Urbanismo que contribúa a **desbloquear tramitacións e licenzas pendentes** coa colaboración do actual persoal municipal, para o que incrementaremos os recursos á súa disposición.



Axilizaremos a instalación de novas actividades coa elaboración dunha **Ordenanza de Simplificación Administrativa e de Reactivación Económica** que lle sirva como apoio ao persoal do Concello, dado que este é imprescindible para a dinamización económica de Lugo.

Poñeremos en marcha un **Polo de Emprendemento** que funcione de xeito coordinado cos outros viveiros que xa ten o municipio, coma o da Fundación CEL, e que contará con instalacións de apoio para coworking, entre outras finalidades, no **actual edificio da estación de autobuses.**



Crearemos unha **oficina de captación de investimentos** e de acompañamento ao emprendedor, que denominaremos **Inviste Lugo**, e que será un dos piares do **Plan de Dinamización do municipio** que impulsaremos.

IMPULSO DO TECIDO EMPRESARIAL E EMPREGO

Implantaremos **plans de formación específicos** para as persoas desempregadas e con dificultades de inserción da man das demandas dos distintos sectores empresariais, de xeito que o Concello axude a conciliar as necesidades de ambas partes para facilitar a empregabilidade de xente con dificultades no acceso ao mercado laboral.



Crearemos **bonos comercio** para estimular o consumo de proximidade e reforzar o atractivo das tendas lugueas promovendo un estilo de **economía sostible** xa que o consumo local, ademais de ter un impacto positivo no medio ambiente, xera emprego e pode ser obxecto de proxectos relacionados coa industria agroalimentaria.

Melloraremos a **seguridade**, o **mantemento** e os **servizos** dos **polígonos industriais**, coa entrada en funcionamento das cámaras de videovixilancia xa instaladas, renovaremos a **rede de abastecemento** do Ceao e crearemos **puntos de apoio á conciliación familiar** (gardaría, ocioteca e ludoteca) nos polígonos industriais.



Promoveremos a **legalización de zonas industriais** coma **A Louzaneta, A Campiña** ou a contorna da **Estrada de Santiago** para facilitar a ampliación ou o cambio de actividades destas construcións.

Desenvolveremos unha **estratexia de apoio á Praza de Abastos e ao Mercado** para fomentar o **consumo de proximidade**. Con este obxectivo favoreceremos a **plena ocupación dos postos** segundo vaian estando dispoñibles, para o que axilizaremos os prazos da súa asignación.



... INFRAESTRUTURAS



Elena Candia, no barrio da Residencia, onde axiña abrirán novas dotacións da Xunta

● ● ● INFRAESTRUTURAS

O Concello de Lugo, atendendo a ese obxectivo de exercer o seu papel de motor da provincia, debe impulsar un plan de mellora das infraestruturas, tanto dende a óptica da súa propia acción con recursos municipais como coa necesaria reivindicación diante doutras administracións para conseguir que Lugo deixe de ser a cidade peor conectada de toda Galicia.

Así, o Concello debe substituír a súa estratexia de confrontación actual con outras institucións por unha actitude de diálogo que permita desencallar infraestruturas bloqueadas ou longamente demandadas pola veciñanza.

Reivindicaremos unhas **mellores infraestruturas**, esixindo a finalización da **autovía A-54** a Santiago de Compostela, para o que instaremos ao goberno central, sexa cal sexa o partido político que estea á fronte, o seu remate. Só así poderemos conseguir ser competitivos na captación do turismo procedente de infraestruturas estratéxicas, coma o aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro.

Tamén reclamaremos a mellora das **conexións co resto de cidades galegas** por estrada, nomeadamente coa apertura de novos tramos da autovía a Ourense (A-56), que, na súa conexión coa A-52, permitirá unha chegada máis áxil a Vigo e ao norte de Portugal.

Outra prioridade é a inclusión de Lugo dentro da **rede ferroviaria da alta velocidade** para mellorar a conexión do Concello coa capital de España, coa que na actualidade existen unicamente catro frecuencias en todo o día, así como **co resto de capitais de provincia galegas** con frecuencias horarias competitivas que permitan o seu uso por parte de persoas traballadoras que residen no noso municipio.

Tamén promoveremos, en colaboración con empresas de autobús, o establecemento de liñas que permitan recoller persoas viaxeiras na estación de tren de Ourense naqueles casos de traxectos por tren cos que non exista un bo enlace ferroviario dende Lugo.



Colaboraremos de xeito decidido na chegada de novas dotacións a distintos barrios do Concello, coma un **novo centro de saúde no Sagrado Corazón**, para o que o Concello cederá os terreos precisos á Xunta de Galicia; ou o apoio á **construción dunha nova Comisaría da Policía Nacional** na contorna da Residencia.



Promoveremos a **rexeneración** de barrios emblemáticos coma **A Milagrosa, o Barrio Feijoo, o casco histórico** ou **O Carme**, con programas de **rehabilitación** e plans de **dinamización** que axuden á súa recuperación.



Crearemos un **intercambiador na actual estación de autobuses** unha vez que estea rematada a nova intermodal. Ademais, tamén instalaremos nese espazo que quede sen actividade un **polo de apoio ao emprendemento**.



Uniremos o paseo do Miño e o do Rato para completar o cinto verde da cidade e avanzaremos na creación dun **paseo fluvial na outra marxe** do Miño.



Crearemos **novos parques infantís e para maiores** na cidade co obxectivo de seguir avanzando nun municipio máis amable e humano.

● ● ● INFRAESTRUTURAS



No campo das estradas, garantiremos unha decidida colaboración municipal para a finalización do **Plan Paradai** e tamén para a mellora nos accesos a Lugo polo **barrio da Fervedoira**.



Crearemos **zonas de baño públicas no Miño**.



Asumiremos as reivindicacións de diferentes colectivos para **corrixir os problemas de accesibilidade** que hai entre o casco histórico e o río Miño.



Impulsaremos, da man de fondos europeos, **novas solucións de accesibilidade** para conectar a **nova estación intermodal co casco histórico**.



Apostaremos pola **participación activa da veciñanza** no proceso de planificación da cidade, informándoa das intervencións que se fagan no municipio e que poidan supoñer cambios na mobilidade. Tamén recuperaremos o dereito dos colectivos sociais a participar nos plenos do Concello naqueles asuntos cos que teñan unha relación directa.

... UN CONCELLO CERCANO



Elena Candia, tomando notas nunha reunión

O Concello de Lugo debe ser unha administración moito máis eficiente e áxil para poder darlles resposta ás necesidades das persoas luguesas. Por iso, promoveremos un novo modelo de acción municipal baseado na proximidade e na atención personalizada, que axude a mellorar o día a día tanto das persoas traballadoras do Concello coma da propia cidadanía. Nese novo deseño, os recursos humanos son, xunto cos orzamentos, o pilar fundamental para unha acción municipal dilixente, eficaz e eficiente.

Melloraremos a atención cidadá con diversas medidas encamiñadas ao cadro de persoal municipal e que redundarán no servizo que as persoas empregadas do Concello lle prestan á veciñanza. Deste xeito, promoveremos un diálogo social real, garantiremos unha estrutura eficiente apoiada en xefes de servizo ata chegar a unha organización resolutiva e con dinamismo, e tamén actualizaremos o convenio colectivo, que data de 1991. Así, quedará patente que o Concello de Lugo ten grandes profesionais que ata o de agora fallaban pola dirección política.



Eliminaremos o requisito da cita previa para a atención presencial no Concello, o que garantirá que ninguén quede sen atender por non contar con este trámite previo.



Contaremos cun cadro de persoal ben dimensionado para reforzar a atención individual nas consultas telefónicas e nas presenciais e facilitaremos tramitacións básicas nos centros sociais dos barrios.



Impulsaremos a administración electrónica con máis trámites na sede dixital do Concello co obxectivo de prestar unha atención 24/7. Ademais de incrementar o número de tramitacións no portal cidadán online, tamén se posibilitará que poidan completarse integramente a través de internet.



Reduciremos os prazos de tramitación de expedientes para axilizar a súa resolución, especialmente en áreas vinculadas á concesión de licenzas e desenvolvementos urbanísticos.



Simplificaremos a linguaxe burocrática cun programa de lectura sinxela que facilite a comprensión dos trámites máis habituais, ao tempo que se impulsan programas de **mellora de competencias para as persoas maiores** no eido da formación dixital.



Revitalizaremos o funcionamento do concello e dignificaremos tanto a institución como a imaxe do persoal municipal co obxectivo de **adaptar a administración ás persoas** en lugar de obrigar á veciñanza a amoldarse ao Concello.



Renovaremos os contratos caducados, como o da ETAP (Estación de Tratamento de Auga Potable) e o da EDAR (Estación Depuradora de Auga Residual), onde formularemos **proxectos piloto** que nos permitan **reducir a pegada medioambiental** das instalacións municipais, co obxectivo de estendelos posteriormente ao resto de dotacións do Concello. Paralelamente, levaremos a cabo un **maior control das empresas concesionarias** dos diferentes servizos públicos para garantir a calidade das prestacións e o trato ao persoal.



Crearemos unha oficina municipal de información, orientación e mediación para a **poboación migrante** e tamén para persoas vulnerables. Asinaremos, ademais, convenios con asociacións para ter un servizo de intérpretes de idiomas dos colectivos estranxeiros máis numerosos.



Crearemos un **banco de vivendas** para dotar de seguridade xurídica aos propietarios en caso de aluguer dun inmovible da súa titularidade.

••• ÜRBANISMO E VIVENDA



Elena Candia, no casco histórico de Lugo

A política urbanística dun Concello é un factor determinante para a consolidación de poboación e tamén para a calidade de vida das persoas que residen neste territorio. Dunha correcta planificación do planeamento, así como da asignación dos recursos humanos precisos para levalo a cabo, dependen a existencia e desenvolvemento de vivenda, a revitalización económica do Concello, a recuperación de contornas degradadas ou cuestións máis vencelladas ao día a día, como un tráfico máis fluído.

URBANISMO E VIVENDA

Melloraremos a **accesibilidade** de espazos públicos e tamén de edificios privados, apoiando a **instalación de ascensores**, coa posibilidade de ceder solo público para esta iniciativa, que fará máis cómodo e habitable o noso municipio.

Paralelamente, implantaremos un **Plan de choque** **para reducir os baixos comerciais sen uso**, de xeito que poidan recuperar a súa actividade.



Promoveremos a **construción de vivenda pública** en solo de titularidade municipal para favorecer o **asentamento de poboación moza** no noso Concello.



Ampliaremos o **solo industrial** existente co proxectado de emprazamentos industriais de nova planta que axuden á instalación de novas empresas e á consolidación das actuais.



Actualizaremos e revisaremos os dous documentos esenciais para o desenvolvemento urbanístico do Concello, como son o Plan Xeral de Ordenación Municipal (**PXOM**) e o Plan Especial de Protección e Reforma Interior (**PEPRI**).



Traballaremos a prol do **desconxestionado de tramos críticos** do viario municipal, estudando a posibilidade de **soterrar cruces** coma os da Avenida de Madrid ou a intersección entre a Ronda do Carme, República Argentina e a Rúa Santiago.



Avanzaremos na **eliminación dos tapóns urbanísticos existentes**, dando resposta ás demandas veciñais.

URBANISMO E VIVENDA

Procederemos ao remate da **Segunda Ronda** no seu tramo nordeste para favorecer unha mobilidade máis fluída.



Impulsaremos a tramitación dos **desenvolvementos urbanísticos bloqueados**: a maioría das unidades de intervención paralizadas están no casco histórico e a súa contorna. Co seu desenvolvemento crearíanse novos espazos públicos e vivendas de calidade.

Promoveremos a creación dun **Plan Público de Escavacións arqueolóxicas** a cargo da administración nos emprazamentos fixados polo planeamento, liderando dende o Concello a realización destes traballos dos que se poderán beneficiar as persoas propietarias de locais e soares sen uso.



Darémolle prioridade á **ordenación do ornato público** ao fomentar **intervencións artísticas** nos espazos públicos do municipio.

Desenvolveremos un **plan de reforzo da estética urbana** para mellorar as vistas **desde a Muralla**. Nesa estratexia incluiremos o apoio á **rehabilitación**, o **adecentamento** do que se observa desde o adarve e un impulso á **Ronda Interior**, entre outras medidas.



URBANISMO
E VIVENDA

... UNIVERSIDADE



Elena Candia, xunto a persoas mozas

O Concello debe reforzar os seus vínculos co Campus da Universidade de Santiago de Compostela, xa que a especialización do Campus Terra representa unha oportunidade única en termos económicos, sociais, culturais e, por suposto, de consolidación de poboación para darlle resposta ao reto demográfico. Nese senso, cómpre impulsar conxuntamente con esta institución unha estratexia que achegue cada vez máis xente moza a estudar en Lugo, de xeito que, unha vez rematados os seus estudos, quede en Lugo para facer a súa vida.

● ● ● UNIVERSIDADE

Crearemos unha **bolsa de axudas** para a contratación de alumnado egresado do Campus Terra por parte de **empresas e persoas autónomas** que teñan a súa sede no Concello de Lugo. Esta medida contribuirá á **retención de poboación moza**, ao tempo que se reforza a **transferencia do coñecemento** acumulado na Universidade á sociedade luguesa.



Promoveremos a **sinatura de convenios co Campus Terra** para a **contratación de asistencias técnicas** en ámbitos que agora o Concello está externalizando fóra do municipio, de xeito que a administración local se beneficie do coñecemento e experiencia do **profesorado** e dos **equipos de investigación**, cuxa opinión será tida en conta en todas as estratexias da cidade.



Colaboraremos co emprendemento de persoas recién tituladas no Campus Terra grazas á posta a disposición **de novos espazos para elas en viveiros de empresas**.



Habilitaremos unha **liña de axudas de aluguer** específica para alumnado universitario co gallo de reforzar o atractivo de Lugo entre as persoas que cursan estudos superiores.



Construiremos unha **nova residencia universitaria** que permita ampliar o número de prazas hoxe existentes.



Activaremos **bolsas de prácticas remuneradas** co Concello para favorecer un primeiro contacto do alumnado de diversas titulacións coa realidade profesional.

Crearemos unha **marca sólida** de **Lugo cidade universitaria** que, sumada á oferta de titulacións do Campus Terra, axude á **captación de alumnado** de grao, máster e doutoramento grazas á visibilización da calidade de vida no municipio, entre outras fortalezas.



Reforzaremos a defensa dunhas **mellores infraestruturas**, xa que son un factor crítico para que unha persoa estudante elixa unha ou outra cidade á hora de iniciar os seus estudos superiores.

Melloraremos as **conexións do Campus coa cidade** cun reforzo das liñas de autobuses urbanos que se dirixen ás facultades e ás escolas universitarias.



Exploraremos vías de colaboración cos distintos **grupos de investigación** para favorecer a súa consolidación no Campus e reforzar as súas achegas á sociedade.

Propoñerémolles á Universidade de Santiago de Compostela **recuperar o uso do edificio da Vicerreitoría** do Campus de Lugo fronte á catedral, coa instalación alí de usos directamente vencellados á propia USC e coa implantación do **Centro de Estudo de Historia da Cidade** e do **Consortio de Dinamización do Casco Histórico**.



... DÉPORTES



Elena Candia, con representantes deportivos

O Concello debe mellorar o apoio que lles brinda a todas as persoas veciñas que practican deportes, tanto de equipo como de xeito individual, sexan federados ou non. De feito, o desenvolvemento dunha vida sa e activa require dun compromiso máis forte por parte do Concello, institución que ten que reforzar tanto as súas instalacións como os mecanismos de concesión de axudas, entre outras melloras.

● ● ● DEPORTES

Impulsaremos **servizos e infraestruturas deportivas** para que Lugo teña unhas instalacións á altura dos éxitos dos seus equipos e deportistas. Así, promoveremos un **acordo cos propietarios da OJE** (Organización Juvenil Española) para recuperar para a xuventude un **espazo deportivo e cultural no centro**.



Construiremos un **novo polideportivo municipal**, así como **máis pistas multideporte** en diferentes barrios para fomentar unha práctica de proximidade.



Asinaremos un **convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)** para que os clubs poidan utilizar as instalacións de edificios públicos para a práctica deportiva e os adestramentos, optimizando os recursos públicos.



Deseñaremos **programas específicos para o fomento da vida activa** para todas as franxas de idade, coa **creación de ligas municipais de diferentes modalidades deportivas**.



Impulsaremos un **programa de mantemento e mellora** das instalacións deportivas actuais.



Elaboraremos unha **normativa de uso de instalacións deportivas**, ao tempo que promoveremos un acceso máis obxectivo e transparente ás **axudas e subvencións municipais**.



Desenvolveremos unhas **Olimpíadas no rural** con competicións de varias xornadas entre as diferentes parroquias nas que se inclúan xogos tradicionais ou circuítos de andainas, entre outras modalidades.



Crearemos un **circuíto de BTT** para a práctica desta disciplina.



Melloraremos o acceso das persoas luguesas ao deporte coa **instalación de aparatos e circuítos para calistenia** e tamén de mesas para tenis exterior, xadrez ou multixogos.



Cubriremos as instalacións deportivas para promover o seu uso durante todo o ano, comezando pola pista de petanca e unha das de tenis do Palomar.

DEPOR-
TES

#EQUIPOCANDIA

01



Elena Candia

02



Cristina Sanz
veciña do
casco histórico

03



Enrique Rozas
veciño da
Milagrosa

04



Antonio Ameijide
veciño de
Ramón Ferreiro

05



Javier Vázquez
veciño de
Augas Férreas

06



Flor Rubinos
veciña de
Muxa

07



Silvia Colmenero
veciña da
Horta do Seminario

08



Ramón Cabarcos
veciño do
casco histórico

09



Agustín Gallego
veciño da
Avenida de Madrid

10



Aurora Goás
veciña da
Avenida de Coruña

11



Gustavo Díaz
veciño de
Xosé Castiñeira

12



Mar Carballas
veciña do
casco histórico

13



Damián Carballo
veciño de
Ramón Ferreiro

14



Manuel Chousa
veciño de
Tirimol

15



Águeda Valín
veciña de
Montirón

16



Jady Mazi
veciña de
Paradai

#EQUIPOCANDIA



17

Mauro Rodríguez

veciño de
Ramón Ferreiro



18

Manuel Cortón

veciño da
Horta do Seminario



19

Cristina Fernández

veciña de Santa
María de Bóveda



20

**María José
Blanco**

veciña do
casco histórico



21

**María del Carmen
Fernández**

veciña do
Castiñeiro



22

Santiago Amedo

veciño de
Fontiñas



23

Luis Asorey

veciño de
Acea de Olga



24

José Benito Pardo

veciño da
Horta do Seminario



25

Reyes Costas

veciña da
Ponte



S. 01

Manuel Otero

veciño de
Magoi



S. 02

Bárbara Quintas

veciña da
Milagrosa



S. 03

Iago Rodríguez

veciño de
Garabolos



S. 04

Óscar Poy

veciño da
Milagrosa



S. 05

Gloria Enríquez

veciña de
Acea de Olga



S. 06

Manuel Rodríguez

veciño de
Santa María Alta



S. 07

Bélgica Traveras

veciña do
Castiñeiro



S. 08

Christian Fernández

veciño de
Paradai



S. 09

**María Cristina
Cadórniga**

veciña de
Rafael de Vega



S. 10

Ramón Carballo

veciño da
Fonte dos Ranchos

LUGO
o primeiro

Elena
Candia



 618 626 902

 elenacandia@pp-lugo.com

 elenacandialugo

 elenacandialopez

 @ElenaCandiaLu

 elenacandialugo

...
lugooprimeiro.com



LUGO